

## **Colexio Oficial de Traballo Social de Galicia**

Rúa Dublín, n.6, baixo

CP – 15707, Santiago de Compostela

---

### **AO SERVIZO GALEGO DE SAÚDE**

Dona Miriam Rodríguez Sierra, maior de idade, DNI 34.999.031-T, en nome e representación do **COLEXIO OFICIAL DE TRABALLO SOCIAL DE GALICIA**, con CIF Q1569016G e domicilio na Rúa Dublín, núm. 6, baixo, CP - 15707, Santiago de Compostela (A Coruña), ante este organismo comparece e DI

Que tendo constancia da **publicación da dotación de prazas de nova creación previstas para o ano 2025 no Servizo Galego de Saúde**, e sendo que para o posto de Traballo Social soamente hai prevista dúas novas prazas, por medio do presente escrito, **o Colexio Oficial de Traballo Social de Galicia solicita o establecemento dunha asignación suficiente e proporcionada ás necesidades existentes de profesionais do Traballo Social pola relevancia e transcendencia que esta figura implica no eido sanitario.**

O Traballo Social esta presente na actualidade en múltiples áreas do Sistema Galego de Saúde, xa que existen aspectos sociais, familiares, económicos e sanitarios nos que o/a Traballador/a Social realiza unha contribución de enorme relevancia, asesorando e tendo en conta a complexidade social e sociosanitaria de cada caso. Polo tanto, consideramos que o papel do Traballo Social resulta fundamental para avanzar como sociedade que respecta a autonomía do/a paciente e que intervén, cada día máis, con modelos que pretenden centrarse na persoa.

En virtude do anterior, pola traxectoria e experiencia da nosa profesión neste campo, así como polos coñecementos propios e exclusivos da intervención social, **consideramos absolutamente insuficiente a dotación de dúas prazas prevista para o vindeiro ano 2025 de profesionais do Traballo Social**, xa que na práctica implica obviar a visión social en materia de saúde, o que supón un baleiro e unha carencia respecto a valoración, o apoio e o acompañamento que se debe prestar ás persoas.

En virtude do exposto, **solicitamos que se estableza unha dotación suficiente e acorde ás necesidades existentes no Sistema Público de Saúde de profesionais do Traballo Social para o vindeiro ano 2025**, ofrecendo plena colaboración por parte deste Colexio profesional no marco das funcións de cooperación previstas.

En Santiago de Compostela, a 15 de novembro de 2024, sen outro particular, reciban un atento saúdo.

*Asdo. Miriam Rodríguez Sierra*

*Presidenta do Colexio Oficial de Traballo Social de Galicia*